

LETRAS GALEGAS 2014



XOSÉ MARÍA DÍAZ CASTRO

XUNTA DE GALICIA

XUNTA DE GALICIA
Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria
Secretaría Xeral de Política Lingüística
CEIP Plurilingüe Lagostelle, Guitiriz

Coordinadora:
Francisca Pilar Miragaya Fernández

Autoría:
Juan Carlos Vivero López
María Manuela Lorenzo Paz
Sara Ferreiro Bóveda
Lucía Lence Expósito
Elvira García Labandeira

Dep. legal:
C 505-2014



Índice

Presentación pág. 5

Biografía pág. 6

Actividades

Educación infantil pág. 7

1.º ciclo de educación primaria pág. 15

2.º ciclo de educación primaria pág. 19

3.º ciclo de educación primaria pág. 23



WINIR



Xosé María Díaz Castro
Letras Galegas 2014

Presentación

Este traballo consta de dez carteis numerados e dunha guía cos que queremos ensinarlle á rapazada a vida e a obra de Xosé M.º Díaz Castro.

Titulámolo "Esmeralda", en honra do poema homónimo de **Nimbos**.

Na elaboración dos carteis participaron os/as mestres/as e os/as alumnos/as de educación infantil e primaria.

O caderno de traballo é froito dunha intensa colaboración interdepartamental e inclúe actividades de aula para educación infantil e para os tres ciclos de educación primaria.

As propostas para cada ciclo preséntanse diferenciadas por cores e agrupadas en seccións:

EDUCACIÓN INFANTIL

1.º CICLO DE EDUCACIÓN PRIMARIA

2.º CICLO DE EDUCACIÓN PRIMARIA

3.º CICLO DE EDUCACIÓN PRIMARIA

Ao final da guía incorpórase unha relación de bibliografía en rede e impresa sobre o autor e a súa obra.

O grupo de traballo que ideou "Esmeralda" está composto polos/as mestres/as:

Francisca Pilar Miragaya Fernández (coordinadora do EDLG)

Juan Carlos Vivero López (2.º curso, 3.º ciclo ed. primaria)

María Manuela Lorenzo Paz (2.º curso, grupo B, 1.º ciclo ed. primaria)

Sara Ferreiro Bóveda (1.º curso, 2.º ciclo ed. primaria)

Elvira García Labandeira (2.º curso, 2.º ciclo ed. primaria)

Lucía Lence Expósito (3.º curso, 2.º ciclo ed. infantil)

Que contaron coa colaboración e a implicación de todo o cadro de persoal docente e do alumnado do colexio guitiricense.

Biografía

Le e colorea:

XOSÉ MARÍA DÍAZ CASTRO



Naceu nos Vilares (Quitiriz), o 19 de febreiro de 1914.

Aos 15 anos vai estudar ao Seminario de Mondoñedo.



Cando remata a guerra, o seu amigo Iglesia Alvariño chámalo para dar clase en Vilagarcía.

En 1947 abandona Vilagarcía e marcha a Madrid, onde traballa de tradutor.



En 1961 reúne un grupo de poemas e publica o seu libro *Nimbos*.


Nos anos 80 volve a Quitiriz e alí colabora coa Asociación Xermolos.

1. Iremos elaborar a portada do caderno de actividades:



- Recorta pola liña de puntos.
- Pega no cadro da páxina seguinte a fotografía de Xosé María Díaz Castro.
- Pinta as letras de cores distintas.
- Escribe o nome e os apelidos debaixo da foto.

Letras Galegas 2014





2. O seu pai chamábase Isidro e era escribente. Seguindo os seus pasos, Xosé María descubriu que lle encantaba tamén escribir, e fíxose escritor.

- Le esta poesía súa:


ESMERALDA

HERBA pequerrechiña
que con medo surrís
ó sol que vai nacendo
e morrendo sin ti,
por que de ser pequena
te me avergonzas ti?
O Universo sería
máis pequeno sin ti!

- Copia o título
- Mira o cartel 7. Decora esta poesía como está no cartel.

3. **ESMERALDA** é unha homenaxe a ese pano verde e brandiño que cobre o chan, que sentimos debaixo dos pés e que ole tan ben cando chove ou cando o cortan.

- Adiviña: De que falamos?
- Ledo de novo o poema todos xuntos co/coa mestre/a, se vos gusta podédelo aprender!
- Agora collede as témperas, elixide a tonalidade verde. As herbas pequerrechiñas (curtas) pintádeas de verde claro e as grandes (longas) de verde escuro.





4. A súa nai chamábase Manuela. A ela dedicoulle a poesía "Coma unha insua":

PRO veu a noite derrubando todo!
 I eu, sedento dunha áncora ou baía,
 dinme a buscar teus cen perdidos nomes
 pra te chamar, ouh nai, ouh insua miña!

- Busca as palabras "nai" e "insua". Arrodeáas.
- En voz alta, e todos xuntos, lede logo a poesía.
- Que fariades ti e a túa nai nunha insua? Debúxao aquí.

5. Xosé María compuxo dous cadernos de poemas aos que lles colocou cadanseu título. Para poder saber cales son, fíxate nos debuxos e completa as palabras que hai debaixo de cada un deles.

- Tes xa a resposta?

	
F _ L L _ S V _ R D _ S	F _ L L _ S _ _ _ R _

Atención: só lles faltan as vogais

6. Díaz Castro só publicou un libro de poesía. Temos agochado o seu título, pero se ordenas correctamente estas letras poderás atopalo.

N - M - B - I - S - O _ _ _ _ _



7. Xosé María Díaz Castro casou con M.^a Teresa e tiveron tres fillos: José María, Maite e Íñigo. Á familia gustáballe moito pasear xunta polo campo e observar as plantas, os animais e a xente que traballaba na terra e co gando.

■ Recortade ou picade os debuxos do ANEXO III e compoñede unha paisaxe nun folio á parte.

8. Reparade no cartel 8. O nimbo é un círculo luminoso que rodea a cabeza dos santos e dalgúns corpos celestes. Resalta cun nimbo azul a vogal "u" e cun amarelo a vogal "e".

TERRA sucada, poema
de cen versos na outonía!
Orballa na cal, no escuro
camiño de tantas vidas...

9. Reconstrúe o crebacabezas:



Unha aula parecida á que ía de neno Xosé María.




1. Observa o cartel 1 e responde:


■ A que escritor se lle dedica o Día das Letras Galegas este ano 2014?

.....


2. Ordena cronoloxicamente e escribe no cadro. Fíxate primeiro nos carteis 2, 3, 4 e 5:




Foi á escola ao Buriz




Vai estudar ao Seminario de Mondoñedo




Nace na parroquia guitiricense dos Vilares



Dá clases no Colexio León XIII de Vilagarcía de Arousa



Ao final da súa vida retorna a Guitiriz



Vive en Madrid, onde traballa como tradutor

1.

2.

3.

4.

5.

6.


3. Completa coas palabras dos recadros e reconstrúe o texto con datos do lugar e da data de nacemento. Mira antes o cartel 2.




_____ Díaz _____, naceu na parroquia dos _____, concello de _____, provincia de _____, o 19 de _____ do ano _____.

4. Le, coa axuda do/a mestre/a, os títulos e versos dos poemas que contén o cartel 6. Por que están escritos con cores distintas?

■ Debuxa un sol e escribe a túa palabra preferida en cada raio.



5. Díaz Castro desexaba que as súas poesías fosen como unha luz que clarexase o mundo. Debuxa algúns obxectos que se usan para alumiar e escribe o seu nome debaixo.




6. Ponlles un nimbo (auréola) ás palabras "lus", "estrela" e "noite", que aparecen no cartel 9. Se queres, podes ilustrar o poema cunha imaxe parecida á do cartel.

A NOITE É NECESARIA


HAI homes cheos de sombra,
homes a contralús
que che fan ver a Deus
coma unha mar de lus.

A Noite é necesaria
pra que ti poidas ver
sobre o medo i o mal
as estrelas arder.

7. escoita o/a mestre/a recitar o poema "Terra sucada" (cartel 8). Pedídlle que vos explique o significado da palabra 'sucar'. Debuxade despois:




O labrego suca a terra co arado



O navío suca as ondas














8. Mira o cartel 10. Recitade a poesía todos xuntos. Que o/a mestre/a vos conte a historia de Penélope e Ulises.

9. Cando era un rapaz gustáballe pasear pola natureza observando as plantas e os animais, aínda que fosen pequerrechiños. Fíxate no cartel 7, le o poema e debuxa a Pepe do Vilariño (así era como lle chamaban a Díaz Castro) no lugar onde o escribiu.



Tempo de lecer

- Xosé María foi tradutor, pero tamén tivo que resolver mensaxes en clave polo seu traballo en asuntos de seguridade do Ministerio.
- Se logras descifrar a que vén deseguido poderás saber algo máis del.

E	U	S	O	N	P	D	V	I	L	A	R	Ñ
												





1. Observa o cartel 1 e responde:

- A quen se lle dedica o Día das Letras Galegas este ano?
- Ordena as letras soltas que aparecen arredor da imaxe. Que palabras podemos formar?
.....

2. Escolle a palabra correcta de entre as tres que aparecen na paréntese. Sublíña.


Xosé María Díaz Castro naceu en (Betanzos, Mondoñedo, Guitiriz) no ano (1904, 1914, 1924). Foi estudar ao seminario de (Ourense, Santiago, Mondoñedo). Alí coñeceu e fíxose amigo dun escritor galego (Castelao, Iglesia Alvariño, Fernán Bello). Anos máis tarde, este convidouno a dar clases no Colexio León XIII de (Noia, Vilagarcía de Arousa, Parga). Díaz Castro seguía a estudar (matemáticas, ciencias, idiomas) e chegou a saber case todas as linguas europeas.

Aprobou unha oposición en (Barcelona, Sevilla, Madrid) e traballou como (tradutor, revisor, condutor).

Cando se xubilou, retornou a (Castela, Andalucía, Galicia), onde morreu o ano (1990, 1980, 1991).

- Podedes axudarvos dos carteis 2, 3, 4 e 5.

3. Ponlles o nome ás catro provincias e colorea aquela en que naceu Díaz Castro.



- Coa axuda do/a mestre/a, sitúa o concello de Guitiriz no mapa da dereita. Marca cunha aspa o teu concello e cun punto vermello a parroquia onde naciches.

4. Díaz Castro publicou poemas nalgúns xornais da época. Busca algún artigo de prensa deste ano e do pasado en que se fale do autor e escribe o nome dos xornais en que atopaches as novas.

.....

5. Xosé María traballou como tradutor en Madrid. Procura na sopa de letras o nome das doce linguas que el dominaba:

E	A	F	I	N	L	A	N	D	E	S
U	D	H	E	B	G	L	U	T	M	E
S	I	N	V	F	I	R	S	S	X	L
K	T	I	S	A	C	R	E	I	O	G
E	A	T	Q	O	D	U	N	G	G	N
R	L	A	H	M	G	N	A	L	O	I
A	I	L	A	U	C	E	D	M	S	P
H	A	R	T	O	S	G	U	B	M	K
I	N	R	S	E	C	N	A	R	F	F
D	O	C	E	U	S	C	E	R	O	S
P	D	T	L	V	A	L	E	M	A	N

6. Busca no dicionario o significado da palabra "nimbo".

- Copia cada acepción e numéaa.
- Cal corresponde ao sentido que lle quixo dar no título do libro? Anótaa.

7. Cal é o nome da asociación coa que colaboraba asiduamente Díaz Castro despois do seu retorno a Guitiriz? Encontrarás información indo a www.xermolos.org Fai un resumo.

- Comenta logo a imaxe do cartel 5.

8. Fíxate na biografía que incluímos na páxina 6. Se reparas nas viñetas 1 e 4, poderás contestar: que se reflicte en cada unha?, que semellanzas e diferenzas atopas?

9. Compoñede un álbum de imaxes no voso caderno cos lugares máis representativos da súa vida. Podedes reparar nos carteis 2, 3 e 4 ou ir a <http://www.poetadiazcastro.com>

10. Recitade en voz alta os poemas dos carteis 7, 8, 9 e 10.

11. Observa o cartel 7 e ordena os versos. Escribe de novo a composición:

ó sol que vai nacendo
 máis pequeno sin ti!
 por que de ser pequena
 HERBA pequerrechiña
 e morrendo sin ti,
 te me avergonzas ti?
 O Universo sería
 que con medo surrís

.....

12. Iremos ao cartel 8. Lemos a poesía "Terra sucada".

Que significa 'sucara'? Vai a www.realacademiagallega.org/diccionario.

■ A que estación do ano fai referencia o poema?

13. Para traballar a terra utilízanse moitos apeiros. Fíxate nos do debuxo e une con frechas o nome e a imaxe.

■ Escribe despois na 3.ª columna a acción que o labrego leva a cabo con cada un.

_ r _ d _



gr _ d _



g _ d _ ñ _



s _ ch _




_ ng _ z _ ou _ nc _ ñ _



Completa os ocios con vogais.

Tempo de lecer

Resolve o encrucillado




1. Profesión á que lle dedicou a maior parte da súa vida
2. Localidade mariñeira en que Xosé María traballou como mestre
3. Díaz Castro dicía: " Ler é para min un gozo insuperable" (mira o cartel 3)
4. Antiga provincia galega en que gañou dous primeiros premios nos xogos florais
5. Como aparece a terra no cartel 8?
6. A que lugar fai referencia a poesía "Penélope"? (mira o cartel 10)
7. Título do único libro publicado
8. Última palabra do poema "Esmeralda" (mira o cartel 7)
9. Lugar en que Xosé María traballou como tradutor
10. Provincia en que naceu e morreu o poeta

1. Observa o cartel 1 e contesta o cuestionario seguinte:

- A quen se dedica o Día das Letras Galegas 2014?.....
- Que conmemoramos o Día das Letras Galegas? Busca outros autores homenaxeados nos últimos anos. Podes ir a <http://www.realacademiagalega.org/inicio>.....
- Que símbolos representan a Galicia?.....
- Que palabras podemos formar coas letras soltas?.....
- Escribe ti un acróstico utilizando as letras de cores.

2. Díaz Castro é un poeta da Terra Chá. Sitúa esta comarca no mapa:



- Coa axuda do/a mestre/a, coloca: concello de Guitiriz, parroquia dos Vilares e aldea do Vilariño.

3. Estes son os lugares que Xosé María coñecía ben de neno. Relaciona o nome do lugar coa foto:




A serra de Montouto



O Buriz



Bascuas



A Conchada



O río Porto




O Vilariño

4. Cres que a Terra Chá é unha terra de poetas? Escribe o nome doutros poetas chairegos.

5. A que se dedica fundamentalmente a poboación da Terra Chá?

Na casa labrega non podía faltar daquela o carro.

- Investiga indo a http://www.tecnoloxia.com/carro/carro_gal/index.html e completa o nome das diferentes partes:



- 1-
- 2-
- 3-
- 4-
- 5-
- 6-
- 7-
- 8-

6. Nos sete anos que estudou en Mondoñedo, coñeceu escritores e personaxes relevantes da vida cultural mindoniense. Relaciona o nome coa foto:



Antonio Noriega Varela



Manuel Leiras Pulpeiro



Aquilino Iglesia Alvariño



Álvaro Cunqueiro

7. Xosé María Díaz Castro era políglota. Busca no dicionario o significado deste termo; podes ir a www.realacademiagalega.org/dicionario. Apúntao.

■ Busca na sopa de letras as doce linguas que el coñecía a fondo:

E	A	F	I	N	L	A	N	D	E	S
U	D	H	E	B	G	L	U	T	M	E
S	I	N	V	F	I	R	S	S	X	L
K	T	I	S	A	C	R	E	I	O	G
E	A	T	Q	O	D	U	N	G	G	N
R	L	A	H	M	G	N	A	L	O	I
A	I	L	A	U	C	E	D	M	S	P
H	A	R	T	O	S	G	U	B	M	K
I	N	R	S	E	C	N	A	R	F	F
D	O	C	E	U	S	C	E	R	O	S
P	D	T	L	V	A	L	E	M	A	N

■ Agora xoga a ser un bo tradutor e escribe:

GALEGO	FRANCÉS	INGLÉS	ALEMÁN
poesía			
poemario			
nimbo			
luz			

8. Localiza os países onde se falan as linguas que atopaches na sopa de letras:



9. Busca o significado de 'nimbo' www.realacademiagalega.org/dicionario e anota os significados.

■ Colle o poemario *Nimbos* e copia o nome das distintas seccións en que dividiu o libro Xosé María.

10. Díaz Castro escribiu no seu poema "Coma brasas":

"Alumarei con fachas de palabras,
ancho herdo meu, o mundo que me deron"

- Que é un facho? Enumera cinco obxectos que sirvan para alumar.....
.....
- Para saber como se inventaron, podes consultar: <http://gl.wikipedia.org/wiki/Portada>

11. Enche os ocos e completa a poesía. Fíxate no cartel 9. Proba a empregar outros termos diferentes aos da composición inicial:

HAI _____ cheos de _____
homes a _____
que che fan _____
coma unha _____

_____ necesaria
pra _____
sobre o _____
as estrelas _____

12. "Penélope" é o poema máis coñecido de Díaz Castro. Mira o cartel 10. Ato pámonos ante unha definición sintética de Galicia e do que esta significaba para o poeta.


- Trata agora de expresar o que é para ti Galicia con cinco palabras e cinco imaxes.

13. Continuamos con "Penélope":

- Fai un perfil do mapa de Galicia no teu caderno e escribe os primeiros versos adaptándoos ao trazado.
- Escoitamos o poema: <http://www.crtvg.es/rg/destacados/diario-cultural-diario-cultural-do-dia-21-03-2014-777052>
- Organízade un recital na aula e gravade as voces dos rapaces. Logo, oídeo con atención.

Tempo de lecer

Resolve o encrucillado



Horizontais

1. Parroquia en que naceu
2. Nome do seu amigo do seminario, Iglesia Alvariño
3. Nome da vila onde gañou un concurso
4. Asociación Cultural coa que coopera ao final da súa vida
5. Localidade onde vai dar clase
6. Lugar en que traballa como tradutor
7. Profesión á que lle dedicou a maior parte da súa vida
8. Revista coa que colabora xa xubilado
9. Título do seu único libro publicado

Verticais

10. Estudou moitos...
11. A súa familia era...
12. Onde se atopa o centro de ensino en que estudou?
13. Elemento moi presente na súa poesía

Anexos

Marcapáxinas con
Xosé María Díaz Castro



Xosé María Díaz Castro

A beleza feriume para sempre

Letras Galegas 2014

Ligazóns web de interese

<http://www.poetadiazcastro.com>
<http://www.crtvg.es/rg/destacados/diario-cultural-diario-cultural-do-dia-21-03-2014-777052>
<http://www.realacademiagalega.org/inicio> (web da Real Academia Galega)
http://www.xunta.es/linguagalega/xose_maria_diaz_castro (web da SXPL)
<http://www.edu.xunta.es/centros/iesdiazcastro> (web IES Díaz Castro)
<http://www.xermolos.org/> (web Asociación Cultural Xermolos)
<http://www.edu.xunta.es/mupega> (Museo Pedagógico de Galicia)

Bibliografía

Blanco, Díaz, Diéguez, Fernández, Franco, González, Piñeiro, Regueira, Rodríguez, e outros (1987): *Homenaxe a X. M. Díaz Castro*, Guitiriz, Xermolos.

Blanco Torrado, A. (1995): *A ascensión dun poeta, Xosé María Díaz Castro*, Santiago de Compostela, Fundación Novacaixagalicia.

Díaz Castro, X. M.^a (2014): *Nimbos*, Vigo, Galaxia, 3.^a ed. Dombate.

Dobarro Paz, Xosé María (1977): “Díaz de Castro, Xosé María”, *Gran Enciclopedia Gallega*, vol. IX, Xixón, Silverio Cañada Editor, pp. 75-76.

Requeixo, A. (2014): *Xosé María Díaz Castro. Vida e obra*, Vigo, Galaxia.

Poemas do autor recitados polo seu amigo o poeta Manuel María:
<https://www.youtube.com/watch?v=6La7YiqWlew&list=PLbnW1WE0nDqxm3mk3ozoLeGB7peOd662P>
http://www.poetadiazcastro.com/galeria/D%C3%ADaz_Castro_banda_dese%C3%B1ada.pdf

Edicións utilizadas na realización desta guía

Díaz Castro, X. M.^a (2006): *Nimbos*, Vigo, Galaxia, 3.^a ed.

No cartel 6 empregouse *Nimbos* (2002) (*La Voz de Galicia*).

As citas dos carteis 2 e 3 proceden de <http://www.poetadiazcastro.com>
Texto orixinal da cita incluída no cartel 2: “A terra é sabia e maestra, a terra é cousa sagrada”.

